



**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

**Actividade** Convocatoria sesión ordinaria Pleno  
**Número expediente** PLN/2024/13

**PLN/2024/13.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA VINTE E CINCO DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

Sendo as dezanove horas e trinta e un minutos do vinte e cinco de setembro do ano dous mil vinte e catro, en primeira convocatoria, réunese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Alcalde, Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

<b>Cadro de asistencia</b>	
<b>Concelleiro/a</b>	<b>Asistencia</b>
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel Kuntz Peiteado	Non asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	No asiste
Iván Martínez González	Asiste





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.

Coa presenza da interventora, Dna. Ana María Gómez Peña.

Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

#### **A) PARTE RESOLUTIVA**

**1º.- SECRETARÍA.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 28.08.2024 (2024-0011) E 12.09.2024 (2024-0012).** Para os efectos previstos no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese á consideración do Pleno:

- Borrador da acta da sesión ordinaria realizado polo Pleno con data 28.08.2024 (2024-0011).

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	PP (4)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	2 votos a favor e unha abstención por ausencia na sesión realizada	A favor	A favor

En función do resultado, préstase aprobación a acta.

- Borrador da acta da sesión extraordinaria realizado polo Pleno con data 12.09.2024 (2024-0012)





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP (4)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

En función do resultado, préstase aprobación a acta.

**2º.- SECRETARÍA.- MODIFICACIÓN DENOMINACIÓN E ÁREAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.** Elévase á consideración do Pleno proposta asinada polo alcalde con data 13 de setembro de 2024 previamente incluída na orde do día da sesión realizada pola Comisión Informativa Permanente de Cultura, Deportes e Turismo realizada con data 19 de setembro de 2024 non que se emite o seguinte ditame:

**“2 Proposta modificación Comisión Informativa Permanente.**

Tendo en conta a **Proposta de modificación denominación e áreas Comisións Informativas**, tal e como figura no expediente, a comisión acorda por 5 votos a favor (5PP) e 8 abstencións (3BNG, 3PSdG-PSOE, 2 EU):

**Primeiro.-** Modificar o acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria realizada con data 05.07.2023 relativo á creación das Comisións Informativas Permanentes, pasando a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Turismo a asumir as funcións de estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos ao Pleno na área de Educación, así como o o seguimento da xestión da Xunta de Goberno Local e da concellería delegada de Cultura, Educación, Deportes e Turismo, quedando o número e ámbito de actuación das Comisións Inforamtivas Permanentes como segue:

- 1.- Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs.
- 2.- Comisión Informativa de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime interior.
- 3.- Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade.
- 4.- Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica.
- 5.- Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Turismo.

**Segundo.-** Dar conta do acordo se así procede á actual Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Turismo.

**Terceiro.-** Dar publicidade ao acordo que así se adopte no taboleiro de anuncios do Concello e no Portal de Transparencia”.

### Primeira quenda de intervencións





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

<b>Alcalde</b>	Inicia o exame deste punto da orde do día dando conta dos antecedentes de feito da proposta asociados á delegación da área de Educación de forma que a concelleira titular de dita delegación e o ámbito de actuación da Comisión Informativa Permanente veñan a coincidir para garantir en mellor medida a unidade de actuación.
----------------	---

Sometida a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	PP (4)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	Abstención	Abstención	Abstención

En atención ao resultado da votación o Pleno, ao abeiro do indicado no artigo 106 do Regulamento Orgánico Municipal, prestou aprobación ao texto da moción adoptando o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Modificar o acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria realizada con data 05.07.2023 relativo á creación das Comisións Informativas Permanentes, pasando a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Turismo a asumir as funcións de estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos ao Pleno na área de Educación, así como o o segmento da xestión da Xunta de Goberno Local e da concellería delegada de Cultura, Educación, Deportes e Turismo, quedando o número e ámbito de actuación das Comisións Inforamtivas Permanentes como segue:

- 1.- Comisión Informativa de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs.
- 2.- Comisión Informativa de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime interior.
- 3.- Comisión Informativa de Benestar Social e Igualdade.
- 4.- Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica.
- 5.- Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes e Turismo.

**Segundo.-** Dar conta do acordo se así procede á actual Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Turismo.

**Terceiro.-** Dar publicidade ao acordo que así se adopte no taboleiro de anuncios do Concello e no Portal de Transparencia





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

**3º.- SECRETARÍA.- RECOÑECIMENTO COMPATIBILIDADE FUNCIÓN DOCENTE PÚBLICA E EXERCIZO RESPONSABILIDADE ALCALDÍA EN RÉXIME DE ADICACIÓN PARCIAL.-** Elévase á consideración do Pleno proposta asinada pola Primeira Tenente de Alcalde (RA nº 2023-0596, de 21 de xuño de 2023, modificada por RA 2024-1005 e 2024-1007 de emenda de erros de 29 de agosto de 2024), de data 17 de setembro de 2024 da que se deu conta á Xunta de Portavoces en sesión realizada con data 19 de setembro de 2024:

**“5º.- EXPEDIENTE 1384/2023.- RECOÑECIMENTO COMPATIBILIDADE EXERCIZO ACTIVIDADE PÚBLICA DOCENTE CON REDUCCIÓN DE XORNADA E CARGO PÚBLICO ALCALDÍA EN RÉXIME DE ADICACIÓN PARCIAL.**

*O Alcalde da conta de que elevarase na vindeira sesión ordinaria do Pleno a realizar con data 25.09.2024 documentación relativa ao recoñecemento de compatibilidade para o exercizo de función pública docente conreducción de xornada ao 50% e o desenvolvemento do cargo público de alcaldía en réxime de adicación parcial que consta no expediente administrativo aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 1384/2023:*

- a. *Escrito asinado con data 16.09.2024 (16 de setembro de 2024, número rexistro de entrada 2024-E-RE-2212), polo que manifesta a súa vontade de exercer en réxime de adicación parcial a responsabilidade de Alcaldía-Presidentencia do Concello de Mugardos e o desenvolvemento da función pública docente para o cal achega:*
  - *Acordo de redución de xornada do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional nunha porcentaxe do cincuenta por cento con efectos 26 de setembro de 2024 (Orde do 29 de xaneiro de 2016 que regula o réxime de permisos e licenzas do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.e ampliada coa Orde do 24 de febreiro de 2016).*
  - *Certificado da secretaria do centro educativo IES Moncho Valcarce de As Pontes de García Rodríguez estendido con data 16 de setembro de 2024 comprensivo da distribución horaria da xornada reducida, de forma que o exercizo da responsabilidade de alcalde-Presidente en réxime de adicación parcial (luns, mércores ate as 12.10 horas e vernos).*
- b. *Providencia de inicio da Primeira Tenente de Alcalde (RA nº 2023-0596, de 21 de xuño de 2023, modificada por RA 2024-1005 e 2024-1007de emenda de erros de 29 de agosto de 2024), asinada con data 16.09.2024.*





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

- c. *Informe de secretaría de 16.09.2024.*
- d. *Proposta de acordo asinada pola Primeira Tenente de Alcalde (RA nº 2023-0596, de 21 de xuño de 2023, modificada por RA 2024-1005 e 2024-1007 de emenda de erros de 29 de agosto de 2024), asinada con data 16.09.2024:*

“... ”

*En sesión extraordinaria realizada con data 5 de xullo de 2023 o Pleno prestaba aprobación ao réxime de adicacións, dietas, asistencias de membros da corporación e asignacións a grupos políticos ao abeiro do establecido no artigo 21 do Regulamento Orgánico Municipal, 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e 75 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, establecendo un réxime de adicación exclusiva para o exercizo da responsabilidade de Alcalde-Presidente cun importe bruto anual de doce mensualidades de 35.400,00 euros e mensual bruto de 2.950,00 euros.*

*Con data 28 de agosto de 2024, o Pleno prestaba aprobación á modificación do réxime de adicación da responsabilidade polo exercizo do cargo de Alcalde-Presidente, pasando a ter asignada unha adicación parcial con efectos 1 de setembro de 2024 (BOP nº 171 de 5 de setembro de 2024), presentándose con data 30 de agosto de 2024 renuncia con efectos inmediatos ao réxime de adicación exclusiva.*

*Mediante Resolución de alcaldía 2024-1008, de 30 de agosto de 2024, modificando a previa Resolución nº 2023-615, de 26 de xuño de 2023, levouse a cabo a delegación xenética da área de Educación na Cuarta Tenente de Alcalde, estando en tramitación a modificación do ámbito de actuación da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Turismo para que ao abeiro do indicado no artigo 108 do Regulamento Orgánico Municipal, acolla a devandita área de actuación.*

*Tomada posesión do seu posto como profesor de ensino secundario no centro educativo IES Moncho Valcarce de As Pontes de García Rodríguez con data 3 de setembro de 2023, Juan Domingo de Deus Fonticoba presenta con data 16 de setembro de 2024, número rexistro de entrada 2024-E-RE-2212, escrito polo que manifesta a súa vontade de exercer en réxime de adicación parcial a responsabilidade de Alcaldía-Presidencia do Concello de Mugardos e o desenvolvemento da función pública docente para o cal achega:*

- Acordo de redución de xornada do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional nunha porcentaxe do cincuenta por cento con efectos 26 de setembro de 2024 (Orde do 29 de xaneiro de 2016 que regula o réxime de permisos e licenzas do persoal docente*





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

*que imparte as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.e ampliada coa Orde do 24 de febreiro de 2016).*

- *Certificado da secretaria do centro educativo IES Moncho Valcarce de As Pontes de García Rodríguez estendido con data 16 de setembro de 2024 comprensivo da distribución horaria da xornada reducida, de forma que o exercizo da responsabilidade de alcalde-Presidente en réxime de adicación parcial (luns, mércores ate as 12.10 horas e vernos)*

*Solicitado informe de secretaría, a partir das consideracións realizadas con data 16 de setembro de 2024, tramítase petición ao Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, para os efectos de verificar o cumprimento do indicado nos artigos 75.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e art. 7.1º da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.*

*Polo que en función da documentación que consta no expediente e previa verificación pola intervención municipal do cumprimento dos límites retributivos, conforme ao establecido nos artigos 76 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, elévase á consideración do Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica, a seguinte **proposta de acordo**:*

**Primeiro.-** *Recoñecer a compatibilidade entre o exercizo da responsabilidade inherente ao cargo electo de Alcalde-Presidente do Concello de Mugardos en réxime de adicación parcial e a actividade pública de docente como profesor de ensino secundario no centro educativo IES Moncho Valcarce de As Pontes de García Rodríguez en réxime de xornada reducida á porcentaxe do cincuenta por cento (50%), con efectos 26 de setembro de 2024.*

*A efectividade do acordo require da aceptación expresa da adicación en réxime parcial do cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Mugardos que se desenvolverá nos termos do acordo adoptado polo Pleno con data 28 de agosto de 2024, fóra dos horarios asignados á función pública docente segundo certificado secretaria do centro educativo IES Moncho Valcarce de As Pontes de García Rodríguez estendido con data 16 de setembro de 2024.*

**Segundo.-** *Comunicar o acordo que así se adopte á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.*

**Terceiro.-** *Notificar o acordo que así se adopte ao interesado con indicación do réxime de recursos e a obriga de presentar de forma anual documentación xustificativa dos horarios e retribucións correspondentes á función pública docente.”*







**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

*A secretaria solicita o uso da palabra e da conta de que se achegará nun momento posterior á convocatoria, o informe solicitado da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para os efectos da verificación do cumprimento dos límites retributivos previstos nos artigos 75.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e art. 7.1º da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.*

*A pregunta formulada polo Portavoz do grupo PSdG-PSOE sobre o pronunciamento a adoptar polo Pleno, a secretaria remítese ás consideración realizadas no seu informe ao tratarse de actividade pública docente que se desenvolverá por cargo público en réxime de redución horaria do 50% con adicación parcial ao cargo de Alcalde, tratándose dun acto regrado que require de votación unha verificado o cumprimento de requitos obxectivos (tipo de actividade, horarios, límites retributivos).*

*A Xunta de Portavoces toma coñecemento para a súa elevación á consideración plenaria”.*

Con data 25 de setembro de 2024 achegouse á documentación incluída neste punto da orde do día dende a convocatoria da sesión:

- Certificado de retribucións pola concesión por interese particular dunha redución de xornada non retribuída (50%) e os conceptos de paga extra e paga adicional específico estendido pola xefa de sección de nóminas do Departamento territorial da Consellería dde Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional na Coruña de 24 de setembro de 2024 (número rexistro de entrada 2024-E-RC-4224, de 25 de setembro de 2024)
- Informe de verificación de límites retributivos emitido pola intervención municipal de data 25 de setembro de 2024 a petición da Primeira Tenente de Alcalde (RA nº 2023-0596, de 21 de xuño de 2023, modificada por RA 2024-1005 e 2024-1007 de emenda de erros de 29 de agosto de 2024), con data 25 de setembro de 2024.

<b>Primeira quenda de intervencións</b>	
<b>Alcalde</b>	Inicia o exame deste punto da orde do día o Alcalde dando conta dos antecedentes da proposta vinculados á previa modificación aprobada polo Pleno do réxime de adicación parcial do exercizo da responsabilidade de Presidencia da Corporación.
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	Toma a palabra e traslada ao Pleno que tras o exame da documentación remitida coa convocatoria non atopou indicación algunha sobre o horario no que desenvolverá con adicación parcial o cargo de Alcalde, polo que insta a que se complete a documentación en tal sentido ou o indique na sesión, de forma que poda ser coñecido pola







Concello de Mugarbos  
(A Coruña)

	veciñanz
<b>Alcalde</b>	Todo o non docente é o dedicado ao concello xunto cos actos institucionais e actividades que se desenvolvan nos fins de semana.
<b>Portavoz BNG</b>	Reitera a posición esgrimida en sesións previas de Comisión Informativa e Pleno. O seu grupo non se vai a opoñer sempre que con elo non se prexudiquen os intereses da veciñanza.

<b>Segunda quenda de intervencións</b>	
<b>Portavoz PP</b>	Solicita o uso da palabra por aclarar a información que se puido compartir pola súa concellería sobre o tempo de adicación dos/as concelleiros delegados/as e o propio Alcalde no sentido de que tamén adican o seu tempo ás súas responsabilidades polas tardes xa que para elo non é necesario a presenza do persoal funcionario e por tanto suxeitarse á súa xornada de traballo.

Rematado o debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(4)	(3)	(3)	(1)
<b>Sentido do voto</b>	3 (abstención de Juan Domingo de Deus Fonticoba)	Abstención	Abstención	En contra

En atención ao resultado da votación o Pleno, ao abeiro do indicado no artigo 3, 5 e 7.1º da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal al servizo das Administracións Públicas e do artigo 75.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, prestou aprobación ao texto da proposta adoptando o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Recoñecer a compatibilidade entre o exercizo da responsabilidade inherente ao cargo electo de Alcalde-Presidente do Concello de Mugarbos en réxime de adicación parcial e a actividade pública de docente como profesor de ensino secundario no centro educativo

Avda. de Galicia, 45. Tfños.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugarbos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

IES Moncho Valcarce de As Pontes de García Rodríguez en réxime de xornada reducida á porcentaxe do cincuenta por cento (50%), con efectos 26 de setembro de 2024.

A efectividade do acordo require da aceptación expresa da adicación en réxime parcial do cargo de Alcalde-Presidente do Concello de Mugardos que se desenvolverá nos termos do acordo adoptado polo Pleno con data 28 de agosto de 2024, fóra dos horarios asignados á función pública docente segundo certificado secretaria do centro educativo IES Moncho Valcarce de As Pontes de García Rodríguez estendido con data 16 de setembro de 2024.

**Segundo.-** Comunicar o acordo que así se adopte á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

**Terceiro.-** Notificar o acordo que así se adopte ao interesado con indicación do réxime de recursos e a obriga de presentar de forma anual documentación xustificativa dos horarios e retribucións correspondentes á función pública docente.

**4º.- SECRETARÍA.- DETERMINACIÓN DIA E HORA DA REALIZACIÓN DAS SESIÓNS DA XUNTA DE PORTAVOCES.** Elévase á consideración do Pleno proposta adoptada no seno da Xunta de Portavoces en reunión realizada con data 19 de setembro de 2024:

**“6º.- DETERMINACIÓN DIA E HORA DA REALIZACIÓN DAS SESIÓNS DA XUNTA DE PORTAVOCES.**

*Non constando previsión expresa sobre a periodicidade das reunións de Xunta de Portavoces nos artigos 104 e seguintes ROM por estar supeditadas á iniciativa de alcaldía ou a petición de dous grupos municipais ou dun tercio do número legal de membros da Corporación, debendo en todo caso levar a cabo reunión con carácter previo á convocatoria de sesión plenaria, desenvolvéndose de xeito habitual o terceiro mércores de cada mes, os Portavoces dos grupos municipais PP, BNG, PSdG-PSOE e EU elevan á consideración do Pleno a seguinte **proposta de acordo**:*

**Primeiro.-** A Xunta de Portavoces en execución das previsións do Regulamento Orgánico Municipal desenvolverá ás reunións que deba realizar con carácter previo á convocatoria de sesión plenaria, o terceiro xoves de cada mes, as 11.00 horas.

**Segundo.-** Publicar o acordo que así se adopte no seu caso, no Portal de Transparencia do Concello.”

Primeira quenda de intervencións	
Alcalde	Inicia o exame deste punto da orde do día dando conta do





Concello de Mugardos  
(A Coruña)

	contido da proposta formulada na derradeira reunión da Xunta de Portavoces.
--	---

Non subscitándose debate ningún e sometida a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(4)	(3)	(3)	(1)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	A favor

En atención ao resultado da votación o Pleno, ao abeiro do indicado no artigo 104 e seguintes do Regulamento Orgánico Municipal, prestou aprobación á proposta, adoptando o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** A Xunta de Portavoces en execución das previsións do Regulamento Orgánico Municipal desenvolverá ás reunións que deba realizar con carácter previo á convocatoria de sesión plenaria, o terceiro xoves de cada mes, as 11.00 horas.

**5º.- SERVIZOS SOCIAIS.- EXPEDIENTE 1739/2024. INTEGRACIÓN DO CORPO DE POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS NO “SISTEMA DE SEGUIMENTO INTEGRAL DOS CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO” (VIOGEN).** Expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 1739/2024, previamente sometido á consideración da Comisión Informativa Permanente de Benestar Social, Educación e Igualdade e sesión realizada con data 19 de setembro de 2024, en base á seguinte proposta de Alcaldía de data 16 de setembro de 2024:

“En desenvolvemento dos artigos 31 e 32.2 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, o Acordo de Consello de Ministros, do 15 de decembro de 2006, aprobou o “Catálogo de medidas urxentes na loita contra a violencia de xénero”.

Entre as medidas aprobadas inclúese a creación dunha nova base de datos común para as Forzas e Corpos de Seguridade que permita ter coñecemento permanente das circunstancias das vítimas para realizar unha valoración do risco obxectivo de sufrir novas agresións e adoptar as medidas de protección adecuadas.





**Concello de Mugarodos**  
(A Coruña)

Na súa execución o Ministerio do Interior desenvolveu unha aplicación informática que dá soporte ao “Sistema de Seguimento Integral dos casos de Violencia de Xénero”, e que constitúe un instrumento básico para:

1. Integrar a información policial, xudicial e penal sobre o devandito fenómeno e as súas circunstancias, que posibilite e garanta o necesario seguimento e coordinación das actuacións postas en marcha para a protección das vítimas.
2. Realizar a valoración do nivel de risco de novas agresións, para graduar as respostas e as medidas policiais de protección.
3. Proporcionar esta información aos diversos operadores que interveñen na protección institucional.

A loita contra aviolenia de xénero é así un obxectivo común, responsabilidade compartida entre todas as AAPP, como ámbito específico no que se materializan os principios de colaboración e cooperación interadministrativa (artigo 55 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e 142 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público), de xeito nomeado entre as diferentes Forzas e Corpos de Seguridade (estatal, autonómico, local).

Con tal finalidade na sesión realizada con data 31.05.2024, a Subdelegación do Goberno en A Coruña instaba ao concello de Mugarodos a formalizar a colaboración que xa existe neste ámbito, solicitando a a incorporación do corpo da Policía Local de Mugarodos ao “Sistema de Seguimento Integral de los Casos de Violencia de Género”.

Invitación reiterada pola Xefa da Unidade contra a Violencia sobre a Muller desenvolvida con data 20 de agosto de 2024.

Consta no expediente administrativo aberto na ferramenta Gestiona 1739/2024, información sobre os pasos que deberá dar o concello para a formalización de convenio para tal fin, achegándose con data 16 de setembro 2024 de informe xurídico.

Tendo en conta que o concello ven desenvolvendo políticas activas para a erradicación da violencia de xénero dende distintos servizos municipais (Igualdade, Benestar Social, Educación), no que o Corpo da Policía Local ven colaborando de xeito directo no seguimento e protección das vítimas de violencia de xénero, en exercizo das competencias previstas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, elévase á consideración do Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, Educación e Igualdade a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**Primeiro.-** Prestar aprobación á integración do Corpo de Policía Local do Concello de Mugarodos no Sistema de Seguimento Integral de los Casos de Violencia de Género, dando inicio formal ao procedemento e sinatura final do “CONVENIO ENTRE LA





**Concello de Mugarbos**  
(A Coruña)

SECRETARÍA DE ESTADO DE SEGURIDAD Y EL AYUNTAMIENTO DE MUGARDOS PARA LA INCORPORACIÓN DE LOS CUERPOS DE POLICÍA LOCALES AL “SISTEMA DE SEGUIMIENTO INTEGRAL DE LOS CASOS DE VIOLENCIA DE GÉNERO”, precedido pola adhesión ao “PROTOCOLO DE COLABORACIÓN E COORDINACIÓN ENTRE AS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO E OS CORPOS DE POLICÍA LOCAL PARA A PROTECCIÓN DAS VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA E DE XÉNERO” de 13 de marzo de 2006.

**Segundo.-** Designar como representantes do Concello na Comisión de Seguimento que así se constituía a esta Alcaldía e a concellería delegada de Cultura, Educación, Turismo e Deportes.

**Terceiro.-** Dar conta ao Pleno das actuacións pautadas que en execución do acordo que así se adopte conduza a tal fin.”

<b>Primeira quenda de intervencións</b>	
<b>Alcalde</b>	Da inicio ao exame deste punto da orde do día trasladando de xeito resumida o contido da previa proposta subscrita.
<b>Portavoz PSdG-PSOE</b>	Toma a palabra e adianta o voto a favor do seu grupo por canto nesta loita contra a violencia de xénero cantos máis medios e sistemas intergados que apliquen mellor. Aproveita en todo caso para solicitar se poñan máis medios a disposición da Policía local coma entre outros, un novo vehículo.
<b>Portavoz BNG</b>	Inicia a súa exposición indicando que o seu grupo vai a votar a favor, considerando a importancia do asunto e tendo en conta que o número de casos seguen aumentando. De igual xeito piden máis medios e actuación coordinada de todas as AAPP afectadas.

Rematado o debate e sometida a votación ordinaria, acádase o seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(4)	(3)	(3)	(1)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	A favor	A favor	E contra





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

En atención ao resultado da votación o Pleno, ao abeiro do indicado no artigo 22 e 25.2º da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, prestou aprobación ao texto da moción adoptando o seguinte **acordo**:

**Primeiro.-** Prestar aprobación á integración do Corpo de Policía Local do Concello de Mugardos no Sistema de Seguimento Integral de los Casos de Violencia de Género, dando inicio formal ao procedemento e sinatura final do “CONVENIO ENTRE LA SECRETARÍA DE ESTADO DE SEGURIDAD Y EL AYUNTAMIENTO DE MUGARDOS PARA LA INCORPORACIÓN DE LOS CUERPOS DE POLICÍA LOCALES AL “SISTEMA DE SEGUIMIENTO INTEGRAL DE LOS CASOS DE VIOLENCIA DE GÉNERO”, precedido pola adhesión ao “PROTOCOLO DE COLABORACIÓN E COORDINACIÓN ENTRE AS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE DO ESTADO E OS CORPOS DE POLICÍA LOCAL PARA A PROTECCIÓN DAS VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DOMÉSTICA E DE XÉNERO” de 13 de marzo de 2006.

**Segundo.-** Designar como representantes do Concello na Comisión de Seguimento que así se constituía a esta Alcaldía e a concellería delegada de Cultura, Educación, Turismo e Deportes.

**Terceiro.-** Dar conta ao Pleno das actuacións pautadas que en execución do acordo que así se adopte conduza a tal fin.

**6º.- INTERVENCIÓN.- EXPEDIENTE 1214/2024.- APROBACIÓN RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 01/2024.** Expediente aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona 1214/2024 sometido á consideración do Pleno previa emisión de ditame pola Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica en sesión extraordinaria realizada con data 19 de setembro de 2024 emitindo o seguinte ditame:

**“1º.- EXPEDIENTE 1214/2024.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 01/2024.-** Elévase á consideración deste órgano colexiado a seguinte documentación:

- Relación de facturas 8 e 9 rec 01/2024.
- Memoria asinada pola concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica (RA núm. 2023-0615, de 26.06.2024) con data 16.09.2024.
- Informe de fiscalización da intervención formulando reparo de data 16.09.2024 (núm. 2024-030):

“... ”

Segundo o artigo 217 do TRLRFL, se o órgano xestor acepta os reparos formulados deberá subsanalos e remitir novamente a esta intervención o expediente para a súa

Avda. de Galicia, 45. Tfnos.981470338-981470290-981471701 Fax.981472017- 15620 Mugardos  
C.I.F. P1505200D - R.E.L.G. Núm. MU2000/4





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

comprobación; se o órgano xestor non acepta os reparos formulados deberá formular discrepancia cuxa resolución corresponderá ao Alcalde-Presidente da Corporación ou ao Pleno se o reparo fora por insuficiencia ou inadecuación de crédito ou se refira a obrigas ou gastos cuxa aprobación sexa da súa competencia.

Tendo en conta que o/s motivo/s do reparo( ( insuficiencia de crédito (tódalas facturas) e omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais ( en algúns casos) ) non pode ser subsanado para os gastos xa realizados, polo que o Pleno poderá proceder a recoñecer as obrigas reparadas, validando as actuacións, e considerar así solventada a nota de reparo e levantada a suspensión que a mesma provoca na tramitación do presente expediente.

A vista do informe precedente e da teoría do enriquecemento inxusto, resulta acreditada a obriga do Concello de facer fronte aos gastos relacionados, polo que procede que se recoñeza extraxudicialmente polo Pleno e baixo a súa responsabilidade as obrigas correspondentes.

Non obstante, sinalar que o expediente de recoñecemento extraxudicial vén motivado polo previo incumprimento polos órganos encargados da xestión económica do orzamento municipal das normas sobre o gasto público e/ou normas de contratación.

Por outra banda, e sen que a presente consideración forme parte do control de legalidade que corresponde a esta Intervención, dende unha perspectiva económica e de eficacia e eficiencia, infórmase, pola que asina o presente informe, que sería igualmente beneficioso para o Concello a utilización dos procedementos establecidos na normativa contractual, de cara a alcanzar os obxetivos de estabilidade orzamentaria e control do gasto. A conclusión sería que acudir aos procedementos establecidos, dende unha perspectiva económico-financieira, suporía unha eficiente utilización dos fondos destinados a realización de obras, a adquisición de bens e a contratación dos servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, e salvagada da libre competencia e a selección da oferta económica mais ventaxosa. En aras de garantir un adecuado control do gasto, e co fin de evitar maiores perxucios á facenda pública, reitérase a necesidade de adoptar medidas con carácter de control efectivo do gasto iniciándose expedientes para a súa licitación .

Reitérase novamente, a necesidade de evitar a utilización desta figura controvertida que a lei prevé como excepcional.

En todo caso, advertir da necesidade de que posto que se está a imputar gasto do exercicio anterior ao corrente, deberase efectuar un adecuado control do gasto no exercicio co fin de evitar estas situacións e garantir a realización de tódalas atencións do exercicio corrente nas consignacións orzamentarias nas que se propón o gasto , e posto que a xuicio desta Intervención si se producirá perxucio, menoscabo ou limitación para a realización de tódalas atencións do exercicio corrente nas seguintes







**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

consignacións orzamentarias nas que se propón á imputación do gasto(1532/21000,1533/22799 ,161/21000 , 165/61900 , 334/20500 , 334/22602, 334/22799, 338/20500, 338/22602, 338/22799,450/21000 e 459/21000 ), polo que deberán suplementarse como mínimo as citadas aplicacións orzamentarias neste exercicio, para garantir todas as atencións citadas.”.

- Proposta de acordo da concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica (RA núm. 2023-0615, de 26.06.2024), asinada con data 16.09.2024.
- Proposta emendada da concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica (RA núm. 2023-0615, de 26.06.2024), asinada con data 16.09.2024:

#### **“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADO DE FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA**

#### **ASUNTO: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 01/2024 (RELACIÓNS CONTABLES DE FACTURAS F/2024/8 E F/2024/9).**

Logo de ver a Memoria Explicativa da Concelleira delegada de Facenda e Promoción Económica de dezaseis de setembro de 2024 polo que se incoa o presente expediente e se xustifica a necesidade do mesmo.

Logo de ver o informe da Intervención municipal relativo á fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial nº 01/2024.

Considerando que no informe da Intervención municipal de fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos ponse de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ao recoñecemento e pago das citadas facturas pois noutro caso estaría se a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Dado que os gastos aos que se fixo referencia corresponden aos exercicios 2022 e 2023, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ao seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de *“recoñecemento extraxudicial de crédito”* deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria e/ou de non seguir o procedemento de contratación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen ou cotas comunitarias, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas ou comunidades de propietarios, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír aos órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal, nos orzamentos dos exercicios 2022 e 2023 non existía crédito para imputar estes gastos e ademais nalgúns casos o gasto non se comprometeu una forma debida, o que implica que





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

nestes casos a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponde ao Pleno en virtude da lexislación vixente.

Os gastos correspondentes a este expediente, imputaránse aos créditos das partidas do orzamento vixente, no obstante a vista do informado pola intervención municipal, que considera que se producirá unha limitación para a realización de tódalas atencións do exercicio corrente nas consignacións 1532/21000,1533/22799 ,161/21000 , 165/61900 , 334/20500 , 334/22602, 334/22799, 338/20500, 338/22602, 338/22799,450/21000 e 459/21000, por esta concellería analizaranse as citas necesidades e iniciaranse os trámites oportunos para suplementar como mínimo as citas aplicacións orzamentarias.

Por todo o anterior, emítese a seguinte proposta de acordo para que pola Comisión informativa correspondente e polo Pleno se adopten os seguintes acordos:

1º.-Levantar o reparo formulado pola Intervención de acordo co informe que obra no expediente, e en base ás consideracións indicadas na parte expositiva da presente proposta, e que afectan as seguintes relacións contables de facturas:

**Número de relación contable:F/2024/8**

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Progr	Econ	Persoa/ Organismo xestor do gasto	Xustificación/ Motivos
F/2023/1200	07/05/2023	S 252	5.965,71	B15261167	SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L.	Linguaxe musical/Iniciación á música/Música e movemento/Saxo/ Coordinador/Piano /Percusión/Trompeta/ ABRIL 2023	334	22799	C. Cultura e Deportes	Non consta a existencia de contrato.I niciranse os trámites para regularizar a situación administrativa
F/2023/1359	28/05/2023	A 3499	5.417,52	B70350012	SOLUCIONES Y TRATAMIENTOS DE GALICIA, S.L	REPARACION PUENTE MADERA / ENO SEIXO-MUGARDOS	459	21000	C.Obras e Servizos	Contrato verbal. Evitar problemas de seguridade aos viandantes.
F/2023/1363	28/05/2023	A 3500	2.928,20	B70350012	SOLUCIONES Y TRATAMIENTOS DE GALICIA, S.L	RETIRADA A PUNTO RECICLAJE DE ESCOMBROS ACUMULADOS EN NAVE CONCELLO MUGARDOS	1621	22799	C.Obras e Servizos	Contrato verbal. Evitar problemas de salubridade.





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

F/2023/1365	28/05/2023	A 3498	2.301,30	B70350012	SOLUCIONES Y TRATAMIENTOS DE GALICIA, S.L	REPARACION PASARELA DE MADEIRA DO PEIRAO CONCELLO MUGARDOS	459	21000	C.Obras e Servizos	Contrato verbal. Evitar problemas de seguridade aos viandantes.
F/2023/1368	28/05/2023	A 3502	4.368,45	B70350012	SOLUCIONES Y TRATAMIENTOS DE GALICIA, S.L	REPARACION FUGA AGUA EN BOADO 28 - MUGARDOS	161	21000	C.Obras e Servizos	Contrato verbal. Evitar problemas de salubridade e presión da auga aos veciños.
F/2023/1369	28/05/2023	A 3503	5.057,95	B70350012	SOLUCIONES Y TRATAMIENTOS DE GALICIA, S.L	REPARACION FUGA AGUA O SEIXO (FRENTE PANADERIA) / MUGARDOS	161	21000	C.Obras e Servizos	Contrato verbal. Evitar problemas de salubridade e presión da auga aos veciños.
F/2023/1379	30/05/2023	AA23 000170	3.389,56	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	REPOSICIÓN POSTE DE ALUMBRADO PÚBLICO ROTO POR ACCIDENTE EN RILO	165	61900	C.Obras e Servizos	Contrato verbal. Evitar problemas de seguridade e vial.
F/2023/1381	30/05/2023	AA23 000171	2.408,92	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	REPOSICIÓN POSTE DE ALUMBRADO PÚBLICO ROTO POR ACCIDENTE EN RILO AC133 ANTES ALMACEN GILDO	165	61900	C.Obras e Servizos	Contrato verbal. Evitar problemas de seguridade e vial.
F/2023/1383	30/05/2023	AA23 000176	4.136,99	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	SUSTITUCIÓN DE POSTES EN ALDEA O BAÑO - SUSTITUCIÓN DE POSTES DE HORMIGÓN EN MAL ESTADO CON PELIGRO DE DERRUMBE	165	61900	C.Obras e Servizos	Contrato verbal. Evitar problemas de seguridade e vial.
F/2023/1528	06/06/2023	S 313	8.820,09	B15261167	SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L.	Linguaxe musical/ Coordinador/ Música e movemento/ Iniciación á música/ Saxo/ Piano/ Percusión/ Trompeta/ MAIO 2023	334	22799	C.Cultura e Deportes	Non consta a existencia de contrato. Inicianse os trámites para regularizar a

Cod. Validación: C1X1L74FTXHXZ3QFSHPKKTDL3  
 Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/  
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 190





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

										situación administrativa
F/2023/1571	11/06/2023	A 3514	4.395,76	B70350012	SOLUCIONES Y TRATAMIENTOS DE GALICIA, S.L.	REPARACIONES EFECTUADAS EN DRENAJES PLUBIALES DE C/CASTELAO POR FILTRACIONES	160	21000	C.Obras e Servizos	Contrato verbal. Situación imprevista. Evitar problemas de salubridad e presión da auga aos veciños.
F/2023/1578	11/06/2023	A 3517	4.045,44	B70350012	SOLUCIONES Y TRATAMIENTOS DE GALICIA, S.L.	REPARACION DE ACERAS EN RUA CORZAS MUGARDOS	450	21000	C.Obras e Servizos	Contrato verbal. Evitar problemas de seguridade vial.
F/2023/1585	11/06/2023	A 3528	2.382,30	B70350012	SOLUCIONES Y TRATAMIENTOS DE GALICIA, S.L.	REPARACIONES FONTANERIA REALIZADAS EN FUENTES URBANAS DE URBANIZACION, REGA, ROIBEIRAS Y PEDREIRA	459	21000	C.Obras e Servizos	Contrato verbal. Evitar problemas de salubridad.
F/2023/1613	13/06/2023	AA23 000227	1.551,68	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	CAMBIO CABLEADO EN CALLE CURROS ENRIQUEZ - CAMBIO CABLEADO POR ROTURA DE CABLES	165	61900	C.Obras e Servizos	Contrato verbal. É urxente para evitar problemas de seguridade vial.
F/2023/1626	13/06/2023	AA23 000150	2.647,29	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	REPOSICIÓN CABLEADO ROBADO EN A SEÑA (TRABAJO REALIZADO EL 09/06/2022)	165	61900	C.Obras e Servizos	Contrato verbal. É urxente para evitar problemas de seguridade.
F/2023/1627	13/06/2023	AA23 000151	3.873,97	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	REPOSICIÓN CABLEADO ROBADO EN LODAIRO (TRABAJO REALIZADOS 31/05/2022 Y 7 Y 8 DE JUNIO 2022)	165	61900	C.Obras e Servizos	Contrato verbal. É urxente para evitar problemas de seguridade.
F/2023/1628	13/06/2023	AA23 000152	416,72	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	REPOSICIÓN CABLEADO ROBADO EN A PENELA (TRABAJO REALIZADO EL 17/06/2022)	165	61900	C.Obras e Servizos	Contrato verbal. É urxente para evitar problemas de seguridade.

Cod. Validación: C1X174FTXHXZ3QRSHPKTDZL3  
 Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/  
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 190





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

F/2023/1629	13/06/2023	AA23 000153	344,96	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	REPOSICIÓN CABLEADO ROBADO EN FRANZA DE ARRIBA (TRABAJO REALIZADO EL 13/06/2022)	165	61900	C.Obras e Servizos	e. Contrato verbal.É urxente para evitar problema s de seguridad
F/2023/1630	13/06/2023	AA23 000154	300,73	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	REPOSICIÓN CABLEADO ROBADO EN O SEIXO (TRABAJO REALIZADO 21/06/2022)	165	61900	C.Obras e Servizos	e. Contrato verbal.É urxente para evitar problema s de seguridad
			64.753,54							

**Número de relación contable:F/2024/9**

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Documento	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Progr	Econ	Persoa/ Organismo xestor do gasto	Xustificación/ Motivos
F/2023/2136	10/08/2023	PF23 651	363,00	B151620 68	EDITORIAL LA CAPITAL, S.L.U.	CONCELLO MUGARDOS- PATRIA GALEGA 23 DIA DA PATRIA GALEGA 25/07/2023	338	22602	C.Cultura e Deportes	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axil as necesidades municipais
F/2023/2247	03/09/2023	23FV00104	5.203,00	32689797 N	JESUS PICO LOPEZ	Instalacion de cuadros eléctricos para actividades culturais e deportivas	334	22799	C.Cultura e Deportes	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axil as necesidades municipais
F/2023/2295	05/09/2023	Emit- 163	3.630,00	B156766 61	OCCIDENTE,DI SEÑO Y COMUNICACI ON	Mantenimient o anual del servidor de la página web municipal de Mugardos: Mugardos.gal (Del 17/02/2022 al 16/02/2023).	491	22799	C.Obras e Servizos	Contrato vencido.Iniciar anse os trámites para regularizar a situación administrativa

Cod. Validación: C1X174FTXHXZ3QFSHPKKTDL3  
 Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/  
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 190





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

F/2023/2363	13/09/2023	14 00114-- 23000129	605,00	B150119 50	RADIO CORUÑA, S.L.	CONCELLO DE MUGARDOS -- INTERVENCIO NES MES DE AGOSTO-- 2023 / CONCELLO DE MUGARDOS -- INTERVENCIO NES MES DE AGOSTO-- 2023	334	22602	C.Cultura e Deportes	Non consta a tramitación de proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axil as necesidades municipais
F/2023/2442	25/09/2023	2023 412	1.299,32	B158357 21	AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.	PERSOAL TECNICO DOCENTE DAS ESCOLAS CULTURAIS E AULA INFORMATICA AGOSTO 2023.	334	22799	C.Cultura e Deportes	Contrato vencido.Iniciar anse os trámites para regularizar a situación administrativa
F/2023/2454	29/09/2023	2023 413	5.719,17	B158357 21	AXIÑA SERVICIOS DEPORTIVOS, S.L.	PERSOAL DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS / PERSOAL LIMPEZA E CONSERXERIA AGOSTO 2023.			C.Cultura e Deportes	Contrato vencido.Iniciar anse os trámites para regularizar a situación administrativa
F/2023/2456	29/09/2023	AA23 000383	2.849,55	B156770 24	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	SERVIZO INTEGRAL DE MANTEMENT O DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO MES DE SETEMBRO 2023.	165	22799	C.Obras e Servizos	Contrato vencido.Iniciar anse os trámites para regularizar a situación administrativa
F/2023/2462	02/10/2023	S 542	1.741,18	B152611 67	SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L.	Coordinación de escola de música municipal / Horas de monitorado de atención ó público en sábados do mes de setembro	334	22799	C.Cultura e Deportes	Non consta a existencia de contrato.Iniciar anse os trámites para regularizar a situación administrativa
F/2023/2540	05/10/2023	14 00114-- 23000144	302,50	B150119 50	RADIO CORUÑA, S.L.	CONCELLO DE MUGARDOS -- INTERVENCIO NES MES DE SEPTIEMBRE-- 2023 / CONCELLO DE MUGARDOS -- INTERVENCIO NES MES DE SEPTIEMBR	334	22602	C.Cultura e Deportes	Non consta a tramitación de proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axil as necesidades municipais

Cod. Validación: C-JXL74FTXHXZ3QFSHPKTDZL3  
Corrección: https://mugardos.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 190





**Concello de Mugardos**  
(A Coruña)

F/2023/2663	16/10/2023	23 05530	181,50	A010186 54	INTEMAN, S.A	105027XJ - 12AE AVISPAS INSECTICIDA PL (Aerosol)	136	22699	C.Urbanism o, Rehabilitaci ón	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axil as necesidades municipais
F/2023/2694	31/10/2023	23_ 0903	294,00	B158646 71	AMBULANCIA S APOSTOL CORUÑA, S.L.	Cobertura sanitaria y traslados en ambulancia en MILLA NOCTURNA , los días 28 de octubre en horario de 19.00h a 21.30h c	341	22799	C.Cultura e Deportes	Non consta a tramitación da proposta de gasto ou contrato.Dar unha resposta axil as necesidades municipais
F/2023/2723	04/11/2023	A 3686	4.904,80	B703500 12	SOLUCIONES Y TRATAMIENTO S DE GALICIA, S.L	REPARACION DE BARANDILLA / PASEO MUGARDOS	459	21000	C.Obras e Servizos	Contrato verbal. Evitar problemas de seguridade aos viandantes.
F/2023/2725	04/11/2023	A 3687	5.464,57	B703500 12	SOLUCIONES Y TRATAMIENTO S DE GALICIA, S.L	REPOSICION DE ACERA DETERIORADA EN / ZONA RUA PTERIRO 18 DE / MUGARDOS / ELIMINACION DE BALDOSAS ROTAS / COLOCACION DE B	459	21000	C.Obras e Servizos	Contrato verbal. Evitar problemas de seguridade aos viandantes.
